

II TROFEO DE ATLETISMO



REGULAMENTO:

ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O Grupo Celta Atletismo, S.A.Valmiñor, C.A.Porriño, C.A.Samertolameu e Atlántico Diario, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Patrocinadores e a participación da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizará no mes de xaneiro o "II Trofeo +Deporte Atlántico".

ARTIGO 2. Data e instalación.

O "II Trofeo + Deporte Atlántico" terá lugar o vindeiro venres 31 de xaneiro a partires das 17:00 horas no módulo cuberto do instituto feiral de Vigo, IFEVI.

ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e World Athletics.

ARTIGO 4. Inscripción, entrega do dorsal e acceso á pista.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs de categoría Sub-8 ata a categoría Absoluta **con licenza federativa**. A inscrición farase a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/>. O prazo de inscrición rematará o luns 27 de xaneiro ás 20:00 horas. Os dorsais serán facilitados pola organización na zona de secretaría, o mesmo día da competición ata con 40 minutos de antelación respecto da proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta totalmente visible.

Os/as atletas participantes deberán presentarse no **Punto de Control de acceso á pista** con 15min de antelación respecto da proba na que participe.

ARTIGO 5. Categorias de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO NACEMENTO	PROBAS	PARTICIPACIÓN
Sub-8	2018-2019	50m	Carreiras 24
Sub-10	2016-2017	50m, peso e lonxitude	Carreiras 24 – Concursos 14
Sub-12	2014-2015	60m, altura e peso	Carreiras 24 – Concursos 14
Sub-14	2012-2013	60m, 60mv, altura F, triplo M , Peso	Carreiras 24 – Concursos 14
Sub-16	2011 -2010	60m, 60mv, altura, lonxitude F, triplo M	Carreiras 24 – Concursos 14
Sub-18, Sub-20,Sub-23	2009 a 2003	60m, 60mv , lonxitude F	Carreiras 24 – Concursos 14
Absoluta		60mv e 60m	Carreiras 24

ARTIGO 6. Premios.

Entregaranse medallas a todos os Sub8 e os 3 primeiros clasificados de cada proba ata a categoría Sub16.

ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizo asistencial e ambulancia.

ARTIGO 8. Reclamacións.

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

ARTIGO 9. LOPD.

Todos/as os/as atletas, o realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINAN:



II TROFEO DE ATLETISMO



ARTIGO 11. Horario Provisional.



CARREIRAS (2)	HORARIO	CONCURSOS (3)
60mv. Sub-14 Mulleres	17:00	Peso Sub-10 Mixto Lonxitude(4) Sub-16, Sub-18, Sub-20, Sub-23 Mulleres Altura (6) Sub-12 Mixto
60mv. Sub-14 Homes	17:15	
60mv. Sub-16 a Absoluto Mulleres	17:30	
60mv. Sub-16 a Absoluto Homes	17:55	
	18:00	Peso Sub-12 Mixto
	18:15	Lonxitude(4) Sub-10 Mixto Altura(6) Sub-14 Feminino
50. Sub-8 Mulleres	18:20	
50m. Sub-8 Homes	18:30	
50m. Sub-10 Mulleres	18:40	
50m. Sub-10 Homes	18:50	
60m. Sub-14 Homes	19:00	Peso Sub-14 Mixto
60m. Sub-14 Mulleres	19:10	
	19:15	Tripla(5) Sub-14 e Sub-16 Homes
60m. Sub-12 Homes	19:20	
60m. Sub-12 Mulleres	19:30	Altura(6) Sub-16 Mixto
60m. Sub-16 Mulleres	19:40	
60m. Sub-16 Homes	19:50	
60m. Absoluto Mulleres	20:00	
60m. Absoluto Homes	20:10	

(2) **INSCRICIÓN.** Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso.

(3) **CONCURSOS.** Haberá tres intentos.

(4) **LONXITUDE.** Táboa de 1 metro categoría sub10 e de 3 metros para categoría Sub16.

(5) **TRIPLE.** Dúas táboas a elección dos participantes.

(6) **ALTURA.** Inicio en 0.90m para Sub12 e de 1.00m para Sub14 e Sub16, cadencia de 5cm en 5cm.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así coma a xestión da licenza de día e o Ranking Galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.

ORGANIZA:

COLABORAN:

PATROCINAN:

